

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 9 DE MAIO DE 1995.

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadaiva o día nove de Maio de mil novecentos noventa e cinco; ás doce da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebra-la sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.- Non asiste Don Xosé Prieto Pérez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do borrador da Acta da sesión, que foi a celebrada o día 4 de Maio pasado.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Comprobada a falta de acción na subsanación de deficiencias na obra denominada "Abastecemento e Saneamento a Ribadavia", executada pola Xunta, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda requirir por ultima vez ó Director Xeral de Obras Públicas da COTOP, Director Encargado da obra, así como á empresa executora Espina e Delfín, a fin de que á maior brevidade posible se proceda á reparación das devanditas deficiencias, pois noutro caso, esta Administración procedería á súa execución inmediata pero, pola vía a que en dereito proceda.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, 1ª FASE.- Examinado o expediente da obra denominada EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, 1ª FASE, e unha vez evacuadas as consultas oportunas cos contratistas convidados a dita contratación, a Comisión Municipal de Goberno, por

unanimidade, acorda a adxudicación definitiva da contratación directa da obra EDIFICIO DE USOS MULTIPLES: CORREOS, 1ª FASE (SOLEIRAS E MUROS), segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto, Don Xulio Touza Rodríguez, a CONSTRUCCIONS FIDALGO, con domicilio na Quinza, deste Municipio, polo prezo de 8.300.024 pesetas, IVE incluído, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas.- Na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días contados a partir da data da notificación.

E sendo as doce e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-